



ACORDO DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES PARA A CONCESIÓN DUNHA BOLSA DE FORMACIÓN PARA O PROGRAMA DE TRABALLO DO CONSELLO GALEGO DE CONSUMIDORES E USUARIOS

Na sesión que se celebrou o día 2 de xuño de 2017, a comisión de valoración encargada de avaliar as solicitudes para concesión dunha bolsa de formación na para o programa de traballo do Consello Galego de Consumidores e Usuarios, dependente do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, convocada por Resolución do 30 de decembro de 2016 (DOG núm. 38, do 23 de febreiro de 2017), adoptou, segundo o establecido nas bases reguladoras da citada resolución, os seguintes acordos:

Primeiro.- Desestimar as reclamacións presentadas contra as puntuacións provisionais e publicar as listas definitivas de persoas admitidas (Anexo I) e non admitidas (Anexo II).

Segundo.- De conformidade co previsto no artigo 12.4 das bases reguladoras, convocar ás persoas aspirantes que obtiveron na fase de valoración de méritos unha puntuación mínima de 6,75 puntos á entrevista persoal que se realizará no lugar e hora sinalados no Anexo III a esta resolución.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2017

A xerente do Instituto Galego do Consumo e da Competencia



María Jesús Muñoz Chesa